


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

agosto do 2023

## XVIII ORDINARIO A NA MEMORIA DE ANDRÉS



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1

## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nas celebracións de cada semana, Andrés o noso párroco, foi axudándonos nos últimos dez anos a atoparnos con Xesús.

Hoxe, dende a memoria e con esta foto que o fai presente, achegámonos a un momento da vida de Xesús. A xente acudía a escoitalo, pero tamén, e sobre todo, a convivir con El. Convivencia para: falar, escoitar, rir, expor problemas, buscar solucións ...

E ao final do día, é momento de compartir: os apóstolos teñen para eles e para Xesús, pero hai moita máis xente, por iso é necesario compartir o pouco que cada un ten e así todos teñen algo. O pouco que cada un ten faise moito coa vontade de compartilo.

A mesma convivencia que tivemos nós co noso párroco, e que hoxe lle agradecemos como parroquia.

2

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Hai persoas de ben que sempre teñen as mans abertas para ofrecer o que teñen aos demais. Xesús ensínanos a compartir, e aí está a milagre. Pero nós moitas veces somos egoístas e cústanos poñer o noso para ben dos demais, por iso agora queremos pedir perdón a Deus e aos irmáns por non ter mans abertas:*

### **Monitor/a**

➤ Polas moitas veces nas que os nosos intereses e egoísmos son máis importantes que a gratuidade na que nos invitamos a vivir cada día,

**SEÑOR, ABRE AS NOSAS MANS**

➤ Polas veces nas que, coas mans pechadas, xulgamos aos irmáns que non teñen comida, traballo ou pasan por dificultades, escudándonos na acusación fácil de que non queren traballar,

**CRISTO, ABRE AS NOSAS MANS**

➤ Porque seguimos abrindo as mans buscando o noso benestar, e pechámolas cando teríamos que procurar a dignidade dos famentos e necesitados

**SEÑOR, ABRE AS NOSAS MANS**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos que acolla á súa beira ao noso querido párroco Andrés.*

*(silenzio)*

### **Celebrante:**

Deus, Noso Pai, axúdanos aos teus fillos e móstranos a túa bondade incansable.

Nós estamos orgullosos de terte coma creador e de sermos gobernados pola túa providencia: renova ti a obra da túa creación e protexe coa túa man o que renovaches.

Pedímoscho para Andrés e para todos, polo mesmo Xesucristo, noso Señor. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *A Palavra que agora imos escoitar ponnos no camiño de compartir.*

*O profeta fálanos de compartir porque é o que Deus quere facer con todos.*

*Xesús no evanxeo non dubida en compartir tempos, ánimos, esperanzas, medos, fracasos, ... Compartir é o seu xeito de vivir, e como veremos ao final do evanxeo non se necesita moito, só quere-lo e cre-lo.*

## LECTURA DO PROFETA ISAÍAS

Di o Señor:

¡Sedentos todos, vinde por auga!

Os que non tedes prata, vinde,  
comprade comida e comedo,  
vinde e comprade comida;  
sen prata e sen diñeiro comprade viño e leite.  
Porque cambiades prata polo que non é pan  
e o voso xornal polo que non farta.

Escoitádeme ben:

comede ben e que a vosa gorxa se alegre coa graxa.  
Baixade o oído e vinde onda min,  
facédeme caso e revivirán as vosas ilusións,  
pois pactarei convosco unha alianza eterna,  
os beneficios de David que se manteñen firmes.

### Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida*    **SALMO**

(en pé) *Leccionario I A páx 234 Mt 14, 13-21 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, retirouse Xesús nunha barca a un lugar deserto e arredado. En canto a xente o soubo, foino seguindo por terra desde as vilas.

Cando desembarcaron, atopouse cun gran xentío. El, conmovido, curou a todos os enfermos. Chegada a tarde, os discípulos foron onda el e díxéronlle:

- O lugar está moi arredado e a hora moi avanzada: será mellor que despidas a xente para que vaian ás aldeas e merquen comida.

Xesús díxolles:

- Non precisan marchar, dádelles vós de comer.

Eles responderon:

- Aquí non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes.

Pero Xesús replicoulles:

- Pois, traédemos aquí.

E mandando recostar á xente na herba, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a mirada ao ceo, dixo a bendición, partiu os bolos e deullos aos discípulos, que á súa vez llos pasaron á xente. E comeron todos ata se fartaren, enchendo coas sobras doce cestas. Os que comeron eran uns cinco mil, sen contar mulleres nin nenos.

### Palabra do Señor

(sentad@s)    gardamos uns instantes de silencio  
para acoller a palabra no corazón

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Neste encontro parroquial, deixándonos guiar por Xesús e o seu xeito de compartir, proclamamos coas nosas voces o credo que moitas veces Andrés non axudou a vivir en comunidade:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

Credes en Deus, no Deus que nos creou á súa imaxe e que nos ama e nos acolle nos seus brazos abertos de Pai?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a abrir as mans da solidariedade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta na gratuidade, no compromiso e na xustiza con cantas persoas non teñen para vivir dignamente?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade que se compadece e que quere compartir tempos, sorrisos, esforzos, pans e peixes?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Compartindo a fe e da man de Xesús, hoxe queremos rezar pedindo por Andrés e polos que o precisan máis ca nós. Facémolo dicindo:

**Señor, que saibamos compartir**

**Monitor/a:**

✓ Coas persoas que non teñen pan, coas que pasan fame, oremos

✓ Coas persoas que non teñen un fogar, coas que viven tiradas nos camiños, oremos

✓ Coas persoas que non teñen liberdade, coas que viven escravizadas, oremos

✓ Coas persoas que teñen que deixar a súa terra, e que se ven obrigadas a fuxir na procura de refuxio, oremos

✓ Coas persoas que teñen tempo, sorrisos e unha man para todos, oremos

✓ Coas persoas que dan exemplo colaborando nas tarefas de facer igrexa, oremos

**Celebrante:** Grazas Señor porque hoxe coa nosa oración comprometémonos a dar unha man ás persoas asoballadas na nosa sociedade e que precisan que se lles recoñeza a súa dignidade, como fixo Xesús, noso Señor que vive e reina por sempre eternamente. Amén

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Nesta oración que tantas veces rezamos con Andrés pedimos a Deus Pai que teñamos “o pan cada día”.*

*Compartamos hoxe a nosa oración con todos aqueles que non teñen que comer, e o Señor nos axude a abrir mans farturentas para todos:*

NOSO PAI ...



#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *A paz nace da solidariedade. Abrir as mans e ser solidarios é o signo de que somos verdadeiros discípulos de Xesús e mensaxeiros de paz. Fagamos crible o xeito de vida de Xesús e acheguemos unha man de paz a cantas persoas comparten con nós.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Estamos arredor da mesa de Xesús que comparte con nós a súa vida e convidanos a compartir tamén nós cos demais.*

*Coas nosas mans abertas, agradecidos con todas as veces que Andrés compartiu con nós a misa, participamos agora deste banquete do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 **nº 48 O pouco que Deus nos dá**

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:** *Señor, dámosche as grazas porque acompañas coa túa protección constante ao pobo que nos renovas na fe.*

*Ti que nunca deixas de nos axudar, fainos merecentes de compartir o banquete da eternidade.*

*Grazas polo exemplo que nos das en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén*



*Con Xesús e con Andrés queremos dar grazas pola vida sinxela das persoas coas que día a día compartimos*


*con Xesús o evanxeo facémolo crible cos feitos da solidariedade, como nos tivo ensinado Andrés,*

*con Xesús damos grazas a Deus Pai por todas as persoas que dedican esforzos para alimentar a nosa fe nesta comunidade de Os Cotos.*



**“Dádelles vós de comer”**

*Así o compartiu en Os Cotos o noso párroco Andrés entre o 2013 e o 2023.*



***Avísase das misas (ver folla do mes)***

***Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén***

***Podémonos ir en paz***